

REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO COMITÉ DE EMPRESA

Acta do 21 de decembro do 2011

Asisten:

Presidente: Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT) (Incorporase as 14:00, procedente dunha reunión do tribuna de Téc. Esp. Informática)

Vicepresidente: Ledo Pernas, Félix (CUT)
Suárez Sánchez, José Manuel (CUT)
Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)
Puente Varela, Jesús Florentino (CUT)
Otero Canabal, Jorge (CCOO)
Rey Souto, María Teresa (UGT)
Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO)
Romero Beade, Manuel (USO)

Non asisten:

Secretario: Muñiz Seijas, Juan Carlos (CUT)
Vicesecretario: Boado Sexto, José Antonio (CUT) (Escusa a súa non asistencia)
Rodríguez Barba, Ana María (CUT)
Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG)
Pena Pérez, Enrique José (CIG)
Cordal Fustes, Jorge (CIG)
López Domínguez, Javier (CCOO)

Orde do día:

- Punto 1:** Técnicos especialistas de laboratorio, redacción da alternativa da convocatoria a presentar a Xerencia.
- Punto 2:** Reorganización do servizo de informática.
- Punto 3:** Convocatorias de técnicos grado medio prevención.
- Punto 4:** Tribunais.
- Punto 5:** Rogos e preguntas.

Comezo da reunión ás 12:00.

José Manuel comenta que a David Castro Ares (INEF) foille denegada a prexubilación parcial é solicita a súa incorporación ao posto de traballo, este posto está cuberto por un interino (chamado da lista de agarda de técnico de mantemento Grupo III). Cando se incorpore este traballador o interino tense que ir ao paro. pero hai unha alternativa xa que en xaneiro pode cubrir o posto de xubilación parcial de José Manuel.

Acórdase enviar un escrito a xerencia indicando que reingrese facendo coincidir os tempos.

Félix Ledo consulta ao comité a impartición dos cursos de especialización cando a solicitude a fai unha persoa que non sexa interino. Acórdase que se impartan tódolos cursos solicitados.

Punto 1: Técnicos especialistas de laboratorio, redacción da alternativa da convocatoria a presentar a Xerencia.

Convocatoria de Tec. Esp. de lab. Grupo III.

Onde di:

A antigüidade, ata un máximo de 30 puntos, valorarase a razón de 0,625 puntos por mes na categoría de técnico especialista de laboratorio e especialista de laboratorio, grupos 3 e 4 na UDC e 0,15 puntos por mes na mesma categoría e grupo noutras administracións.

Acórdase comentar a Xerente que se modifique por:

A antigüidade, ata un máximo de 30 puntos, valorarase a razón de 0,625 puntos por mes na categoría de técnico especialista de laboratorio, grupo 3 e 0,15 puntos por mes na mesma categoría e grupo noutras administracións.

Aos efectos de esta convocatoria equipárase o tempo traballado na categoría, a extinguir, de Especialista de Laboratorio na UDC coa de Técnico Especialista de Laboratorio Grupo III.

Punto 2: Reorganización do servizo de informática.

Reorganización do servizo de informática.

Apróbase o acordo da reorganización do Servizo de Informática que se anexa á presente acta. E se insta á Xerencia a que a praza L053-TSI, de Coordinador de Area de Rede e Comunicacóns, se cubra inmediatamente.

Punto 3: Convocatorias de técnicos grado medio prevención.

Acórdase revisar a convocatoria.

Punto 4: Tribunais.

Secretario Tec. de Centros Tecnolóxicos. Grupo III, noméanse os compoñentes do tribunal representantes do Comité de Empresa. Titulares: Blanca Padin Viaño e Pedro Monteserín Macías; e suplentes Jose Manuel Suárez Sánchez e Xosé Portela Fernández.

Punto 5: Rogos e preguntas

Sen máis incidencias remata a reunión ás 15:00.

O Secretario

Vº e prace do Presidente

